



ACTA Nº 2019/14
SESIÓN PLENARIA

ACTA Nº 2019/14

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

=

XOVES 7 DE NOVEMBRO DE 2019



ACTA Nº 2019/14

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSE EMILIO MAHÍA NEIRA
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DESTE
CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
XOVES 7 DE NOVEMBRO DE 2019.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:10 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos: Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación definitiva da Conta Xeral do concello de Vilasantar correspondente ó exercicio 2018.
2. Modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar.

1.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VILASANTAR CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2018.

EXPTE.: 2019/G010/000014



Vistos os artigos 208 a 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais e que establecen o réxime xurídico das contas xerais dos Concellos e das outras entidades locais.

Visto que a Comisión Especial de Contas informou favorablemente a Conta Xeral do concello de Vilasantar na súa sesión celebrada o día 5 de xullo de 2019 en cumprimento do artigo 212 do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Visto que dita Conta Xeral foi exposta ó público durante o prazo de 15 días, durante os cales, e 8 días máis, as persoas interesadas puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que se publicou un anuncio desta exposición pública no BOP A Coruña con data 16 de xullo de 2019.

Visto que no prazo anteriormente citado de 15 días e 8 máis, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións á Conta Xeral do concello de Vilasantar para o exercicio 2018.

Visto que a competencia para a aprobación da conta xeral deste concello é do Pleno en consonancia co recollido no apartado 4 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Visto que a Comisión Especial de Contas informou favorablemente, na sesión celebrada o xoves 31 de outubro de 2019 a Conta Xeral do concello de Vilasantar para o exercicio 2018 en consonancia co artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais tras a súa exposición pública durante un prazo de 15 días e 8 máis, sen que se tivesen presentado polo interesados reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que na mesma sesión, a Comisión Especial de Contas acordou remitir ó pleno dito ditame, así como a documentación obrante no expediente relativo á Conta Xeral do concello de Vilasantar correspondente ó exercicio 2018 para o seu debate e, se procede, aprobación

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda:

Primeiro: Aprobar definitivamente a Conta Xeral do concello de Vilasantar correspondente ó exercicio 2018 en consonancia co artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais tras a súa exposición pública durante un prazo de 15 días e 8 máis, sen que se tivesen presentado polo interesados reclamacións, reparos ou observacións.

Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

2.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR



EXPTE.: 2019/G010/000014

Vista a composición actual da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar publicada no BOP A Coruña n.º 173, de martes 11 de setembro de 2018, aprobada polo Pleno municipal en sesión celebrada o día 16 de agosto de 2018 e que se transcribe a continuación:

“Presidente:

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

Vogais:

Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario – interventor do concello, ou persoa que o substitúa.

Emilio Fernández Pérez, técnico municipal, ou persoa que o substitúa.

Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal, ou persoa que a substitúa.

Secretaria:

Isabel Novo López, funcionaria municipal, ou persoa que a substitúa.”

Visto que a composición da referida Mesa de Contratación Permanente se aprobou durante o período correspondente á anterior corporación municipal.

Visto que dende a aprobación da citada composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar se produxo un cambio na titularidade da Secretaría – Intervención deste Concello en favor de Ricardo Garrido Caneda.

Visto que a proposta de modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar implicaría o seguinte listado de membros:

Presidente:

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

Vogais:

Ricardo Garrido Caneda, secretario – interventor do concello, ou persoa que o substitúa.

Emilio Fernández Pérez, técnico municipal. Suplente: Mercedes Costoya Cortés ou persoa que a substitúa.

Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal. Suplente: María Trinidad Veiras Freire, ou persoa que a substitúa.

Secretaria:

Isabel Novo López, funcionaria municipal. Suplente: María Montserrat Varela Vázquez ou persoa que a substitúa.

Visto a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 na que se establece o réxime xurídico das mesas de contratación no ámbito local.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda:



Primeiro: Aprobar a modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar, co seguinte listado de membros:

Presidente:

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

Vogais:

Ricardo Garrido Caneda, secretario – interventor do concello, ou persoa que o substitúa.

Emilio Fernández Pérez, técnico municipal. Suplente: Mercedes Costoya Cortés ou persoa que a substitúa.

Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal. Suplente: María Trinidad Veiras Freire, ou persoa que a substitúa.

Secretaria:

Isabel Novo López, funcionaria municipal. Suplente: María Montserrat Varela Vázquez ou persoa que a substitúa.

Segundo: Publicar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar no BOP A Coruña.

Terceiro: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Ás 13:20 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 13 de decembro de 2019
O secretario, Ricardo Garrido Caneda
Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández